



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 1 DE XUÑO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela o profesor doutor Senén Barro Ameneiro

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión na orde pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de educación familiar polas corporacións locais de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de carácter plurianual, ao abeiro do artigo 58.1.b) do decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na orde pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidos con fondos públicos e se procede á súa convocatoria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) para o financiamento do programa de loita contra a pobreza e exclusión social no colectivo de persoas con discapacidade física de Galicia en execución de determinadas accións do I Plan Galego de Inclusión Social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo da reincidencia en materia de xustiza de menores en Galicia



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración a subscribir entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos para o financiamento do desenvolvemento das aulas da terceira idade

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun protocolo polo que se prorroga para o ano 2006 o convenio de colaboración suscrito, con data 25 de outubro de 2006, entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes así como de reforzo educativo

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto de tres mil trescentos trinta e dous millóns cincocentos oitenta e dous euros con corenta e catro céntimos (3.332.582,44 euros) correspondente á obra "Mellora dos accesos a Castrelo de Miño: acondicionamento da OU-402 Ourense-Cortegada. Treito: Feá-Castrelo de Miño"

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Gas Galicia SDG para o desenvolvemento da III Fase de Gasificación de Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestruturas rural con diversos concellos , no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM Rural-Culleredo... Pontecesures)

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Montederramo para a realización de obras de restauración dos forxados e carpintería de claustro do mosteiro de Santa María



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Federación de Confrarías e os sindicatos U.G.T, CC.OO e C.I.G. para a impartición de cursos de formación de mulleres do sector pesqueiro

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Coristanco para a adecuación, selaxe e clausura dos vertedoiros de residuos sólidos urbanos
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieiro da Xunta de Galicia co Concello de Monterroso para a execución das obras: "outras actuacións. Dotación de servizos de abastecemento. Ampliación do abastecemento de auga a Monterroso. Monterroso (Lugo)", clave OH.227.472, por importe de cincocentos vinte e oito mil catrocentos sesenta e tres euros e corenta céntimos (528.463.40 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieiro da Xunta de Galicia co Concello de Foz para a execución das obras: "Plan de saneamento. Saneamento de Mañente. Cordido e Peizás. Foz (Lugo)", clave OH: 327.478 por importe de oitocentos noventa e oito mil novecentos noventa e un euros e trinta e nove céntimos (898.991,39)

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur-Coruña, S.A. para a realización dos traballos técnicos de dúas áreas empresariais no concello de Carballo

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre medidas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no marco da aprendizaxe permanente ao longo da vida e do multilingüismo
- Informe sobre a convocatoria de axudas para o estudo de linguas estranxeiras, por parte de alumnos da ESO e Bacharelato, en Francia, Reino Unido e Irlanda.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a orde pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da comunidade autónoma de Galicia para o mantemento de puntos de atención continuada e zonas de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal



NOMEADO SENÉN BARRO COMO REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto de nomeamento de Senén Barro como reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC). O responsable da institución académica resultou elixido nas eleccións celebradas o pasado 10 de maio.

Nacido nas Pontes, A Coruña en 1962, Senén Barro Ameneiro obtivo os graos de licenciado e doutor (premio extraordinario) en Física pola USC. É catedrático da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial desde 1995. Foi director do Departamento de Electrónica e Computación da USC dende 1993 a 2002. Membro do Claustro da USC desde 1994 e membro da Xunta de Goberno (na actualidade, Consello de Goberno) desde 1996.

Posúe unha ampla experiencia docente en materias de 1º, 2º e 3º ciclo, nas áreas de coñecemento de Electrónica e de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial, e máis no desenvolvemento de contidos docentes en distintos formatos, incluída a docencia virtual.

É editor de cinco libros, autor de preto de 200 artigos científicos, e membro dos comités científicos e editoriais de numerosos congresos e revistas de ámbito español e internacional. Foi Vocal da *Asociación Española para las Tecnologías y Lógica Fuzzy* e da *European Society for Fuzzy Logic And Technology* entre 1996 e 1999.

Fixo estadías de investigación en diversas universidades estranxeiras, entre elas, a de South Florida EE.UU. (Department of Computer Science and Engineering); a de California, en Berkeley, EE.UU. (Department of Electrical Engineering and Computer Sciences); e a de Bristol, Reino Unido (Department of Engineering Mathematics).

Fundou e dirixe o *Grupo de Sistemas Intelixentes*, que conta na actualidade con 24 membros. Este equipo orienta a súa investigación a múltiples campos (procesamento de sinais, sistemas baseados en coñecemento, robótica móbil, sistemas borrosos intelixentes, e computación neural).



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3´3 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR O CHEQUE INFANTIL E ACTIVIDADES PARA FAMILIAS, MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *A Orde que regula os programas de educación familiar, aprobada polo Consello da Xunta, prima, por primeira vez, a estabilidade laboral do persoal contratado*
- *A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar tamén aumenta a transparencia na concesión do cheque infantil cuantificando os criterios que regulan a súa asignación*

A Xunta de Galicia destinará, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, un total de 3.371.861 euros ao financiamento do cheque infantil para o curso 06-07, así como para o desenvolvemento dos programas de educación familiar que porán en marcha as corporacións locais ao longo deste ano, para o funcionamento das aulas da terceira idade, así como para o programa de loita contra a pobreza e a exclusión social no colectivo de persoas con discapacidade física de Galicia.

Este orzamento investirase a través de catro acordos cuxa sinatura foi autorizada hoxe na reunión de hoxe do Consello da Xunta.

Programa de Educación familiar

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar vai destinar 1.199.869 euros para o desenvolvemento de programas de educación familiar por parte das entidades locais de Galicia. Cada unha delas poderá recibir unha achega anual máxima de 18 mil euros por cada técnico de intervención familiar que incorpore ao programa.

Segundo establece o texto da orde, o persoal especializado que contrate a corporación local para desenvolver o programa deberá ser, preferentemente, educador social, aínda que tamén poden ser contratadas persoas con titulación en psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, traballo social ou diplomados en maxisterio con anterioridade ao ano 2003. Unha das novidades desta orde é que se fixa un baremo claro para a selección do persoal e se prima a estabilidade laboral das persoas que van desenvolver este traballo. Haberá ademais unha comisión de valoración que controlará que o proceso se faga de xeito transparente.

Este programa consiste na intervención, por parte de persoal especializado, coas familias nas que se detecten carencias competenciais nas súas funcións parentais e persegue a integración social e mellora da calidade de vida das familias. Esta intervención realízase, fundamentalmente mediante visitas domiciliarias, co obxectivo de potenciar a autonomía das familias, favorecer a integración dos seus membros no ámbito familiar, posibilitar a intervención profesional individualizada coas familias con menores ao seu cargo, persoas con dependencia, persoas con discapacidade ou



calquera outra situación familiar que poda desembocar nunha situación de risco ou dificultade social.

Cheque infantil

Ademais, a Xunta destinará, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, un total de 1.504.870 euros para as axudas económicas correspondentes ao 06-07 para a atención de primeira infancia a través do cheque infantil. Esta axuda consiste na cobertura parcial ou total do custo da praza adxudicada a un neno nunha escola infantil que non é pública.

Este ano, a orde de concesión desta axuda inclúe un baremo detallado da puntuación que o solicitante vai obter por cada concepto (situación socio-familiar, laboral e económica) de xeito que aumenta a transparencia na concesión das axudas do cheque infantil.

Nas prazas ofertadas a través deste programa, o beneficiario pagará o mesmo que lle tocaría aboar nunha escola pública, unha cantidade que irá dende a gratuidade total a 143 euros como máximo. Deste xeito, a administración aboará un custo máximo, segundo se establece na orde, de 120 euros ao mes para a praza ofertada durante un horario mínimo de 8 horas diarias, de 200 se inclúe comedor e 90 euros ao mes para a praza ofertada só en horario de tarde.

Para poder optar a esta axuda, o neno ten que ter nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2003, ter tres meses na data do ingreso no centro, non ter obtido unha praza nunha escola pública, que a renda per cápita mensual da unidade familiar non supere 895 euros e que haxa prazas correspondentes ao grupo de idade do neno nos centros partícipes do programa.

Os prazos para presentar as solicitudes de reserva de praza é dun mes partir do día seguinte da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

Loita contra a exclusión social de persoas con discapacidade

Mediante un convenio coa Confederación Galega de Minusválidos, (COGAMI), a Vicepresidencia vai financiar un programa de loita contra a pobreza e a exclusión social no colectivo de persoas con discapacidade física de Galicia.

O obxecto deste programa, que conta cun orzamento de 409.469 euros, é a realización de actividades e proxectos dirixidos a persoas con discapacidade física que se atopen en risco de exclusión social. Trátase de desenvolver accións encamiñadas cara á Formación Profesional, orientación e asesoramento, así como accións para difundir esta problemática e sensibilizar a poboación co fin de eliminar os factores que limitan a súa integración e faciliten a súa inserción sociolaboral.



Aulas da Terceira Idade

O outro convenio que se asinará coa Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos é para o desenvolvemento das Aulas da Terceira Idade nas localidades de Santiago, A Coruña, Ferrol, Padrón, Ourense, Lugo, Monterroso, Vilalba e Vigo e conta cun orzamento de 257.658 euros para este ano.

As actividades que se van desenvolver dentro deste programa son conferencias, táboas redondas, debates interxeracionais, audición de grupos musicais e folclóricos, actuacións teatrais así como seminarios e talleres ou mostras de pintura ou maquillaxe, entre outras.

Con estas actuacións preténdese facilitar aos asistentes a adquisición de novos coñecementos, a actualización dos que xa posúen, facilitarlles un contacto permanente coa realidade e a dinámica social, así como promover a participación activa das persoas das aulas da Terceira Idade na vida social e cultural da comunidade.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR COLABORARÁ COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NA REALIZACIÓN DUN ESTUDO DA REINCIDENCIA EN MATERIA DE XUSTIZA DE MENORES EN GALICIA

- *O obxectivo é optimizar a adopción de programas e políticas adecuadas a partir da análise rigorosa das causas do fenómeno da reincidencia delitiva nos menores*

O Goberno galego autorizou na súa xuntanza de hoxe a futura sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización dun estudo da reincidencia delitiva en materia de xustiza de menores en Galicia. A Xunta investirá 30.000 euros nesta iniciativa, que se vai desenvolver durante dous anos.

O obxectivo central do estudo que se vai realizar entre Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e USC será o de avaliar a natureza e o alcance da reincidencia delitiva nos menores de Galicia. Preténdese afondar no coñecemento das motivacións e das causas (demográficas, persoais, familiares, psicosociais e grupais) que provocan este fenómeno para deste xeito poder adoptar os programas e políticas axeitadas.

A Xunta e a USC tentarán chegar a unha aproximación cuantitativa de tres puntos: a análise dos patróns de reincidencia en función do sexo, idade e raza dos menores; a identificación dos factores de vulnerabilidade na reincidencia delitiva; e por último, o establecemento de distintos perfís de reincidencia, illando as variables explicativas vinculadas a cada un deles.

Expertos da Universidade de Santiago -da Facultade de Psicoloxía- encargaranse da realización do estudo, mentres que a Vicepresidencia da Xunta -a través da Secretaría Xeral do Benestar- facilitaralle os datos oficiais necesarios para a súa posta en marcha. Os traballos realizaranse mediante o estudo destes datos e a través de entrevistas e traballo directo con menores.



A XUNTA E O MINISTERIO DE TRABALLO FINANCIAN CON 3,4 MILLÓNS DE EUROS O PLAN DE ACCIÓN 2006 PARA A INTEGRACIÓN E O REFORZO EDUCATIVO DA INMIGRACIÓN

- *As liñas de actuación incidirán na educación, o emprego, a vivenda, os servizos sociais, a saúde, a xuventude ou a igualdade*

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun protocolo entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Emigración, e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a articulación do Plan de Acción 2006 para a integración e o reforzo educativo da inmigración. O orzamento total deste Plan é de 3.480.993,04 euros, que se financiará con base nos orzamentos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e da Secretaría Xeral de Emigración

A Secretaría Xeral de Emigración, órgano superior da Administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en política inmigratoria e de retorno en Galicia, prorroga deste xeito ata o 31 de decembro de 2006 co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais o convenio subscrito en outubro de 2005 para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes así como do seu reforzo educativo.

As liñas de actuación previstas no Plan de Acción 2006 remítense ao Marco de Cooperación para a xestión do Fondo de Apoio, Acollida e Integración de Inmigrantes 2006, e os seus eixes de actuación son: acollida, educación, emprego, vivenda, servizos sociais, saúde, infancia, xuventude, igualdade de trato, muller, participación, sensibilización e codesenvolvemento.

O Ministerio, con cargo á dotación orzamentaria para o ano 2006, achega para o financiamento do protocolo a cantidade de 2.671.820 euros. A Secretaría Xeral, pola súa parte, completa o orzamento con 809.173,04 euros.

O Plan de Acción, concertado pola Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración e pola Secretaría Xeral de Emigración, faise efectivo a través dun protocolo que prorroga a vixencia do convenio asinado o 25 de outubro de 2005 co obxecto de conseguir a integración do colectivo inmigrante en Galicia. Nos anos sucesivos os programas executaranse mediante a aprobación dun protocolo anual de prórroga acompañado dos correspondentes anexos nos que se detallarán as accións que se van realizar, o procedemento opara o seguimento do seu desenvolvemento e as contías que van achegar as partes nese exercicio.



OS ACCESOS A CASTRELO DO MIÑO CONTARÁN CUNHA ACHEGA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL DE MÁIS DE 3,3 MILLÓNS PARA A SÚA MELLORA

- ***Acondicionarase e ampliarase a estrada OU-402 no treito que vai de Feá a Castrelo de Miño***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 3.332.582 euros, repartidos en tres anualidades, na mellora e ampliación da estrada OU-402 (Ourense-Cortegada) no treito que vai de Feá (concretamente no enlace coa Autovía das Rías Baixas, A-52) a Castrelo de Miño.

Para acometer esta actuación, o Consello da Xunta autorizou hoxe o dito gasto repartido en tres anualidades entre este ano e o 2008. Trátase dunha obra de mellora dos accesos a Castrelo de Miño, que permitirá reducir os tempos de percorrido e contribuirá a aumentar a seguridade viaria.

As obras desenvolveranse nun treito de preto de 13,5 quilómetros de lonxitude que discorren polos concellos de Toén e Castrelo de Miño. Ao orzamento para a execución dos traballos de acondicionamento hai que engadirle outros preto de 400.000 euros que se destinarán ao pagamento dos 593 predios expropiados.

Unha vez acondicionada, a vía contará con dous carrís de 3 metros cada un e dúas beiravías de 0,50 metros. Esta infraestrutura dará servizo a un total 17.000 habitantes dos concellos de Toén, Castrelo de Miño, Arnoia, Barbadás, Punxín, Carballeda de Avia e San Amaro.



A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ MÁIS DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS PARA A III FASE DE GASIFICACIÓN DE GALICIA

- *O plan de actuacións beneficia a Betanzos, Miño, Cee, Corcubión e Sanxenxo, que no caso das tres últimas localidades verán adiantada a súa gasificación*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e Gas Galicia SDG, SA para o desenvolvemento da terceira fase de gasificación de Galicia. Segundo este convenio, a Consellería achegará un total de 1.198.590 euros para garantir a subministración de gas natural naqueles municipios galegos cuxo potencial desenvolvemento se considera de estímulo prioritario e que nesta terceira fase do Plan de gasificación son os de Cee, Corcubión, Betanzos, Miño e Sanxenxo.

Os investimentos previstos por Gas Galicia nesta terceira fase ascenden a sete millóns de euros no bienio 2006-2007 e inclúen as redes de distribución e unha planta de gas natural licuado en Cee e Corcubión; a instalación da conexión e as redes de distribución en Betanzos e Miño; e tamén as redes de distribución e outra planta de gas natural licuado en Sanxenxo.

Neste sentido cómpre subliñar que a gasificación de Cee e Corcubión se adianta cunha planta satélite de gas natural licuado e, da mesma maneira, adiantarase tamén a subministración ao concello de Sanxenxo con outra planta.

A achega da Consellería será dun 15% para os investimentos previstos en instalacións de conexión e redes de distribución, e dun 40% nas plantas satélite de gas natural licuado.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 150.000 EUROS NA RESTAURACIÓN DUN CLAUSTRO DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA, EN MONTEDERRAMO (OURENSE)

- *Recuperaranse os pisos da parte alta e a fachada dun dos dous claustros, que data do século XVI*

A Xunta de Galicia investirá 157.000 euros para restaurar os pisos, a carpintería e a fachada dun dos dous claustros do mosteiro de Santa María, no concello ourensán de Montederramo. As obras acometeranse grazas a un convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello, que foi aprobado hoxe no Consello da Xunta. A través da Dirección Xeral de Patrimonio, a Consellería de Cultura comprométese a realizar o proxecto de obra e a sufragar todos os gastos de execución durante este ano 2006.

A intervención realizarase no claustro renacentista da Portería e consistirá na recuperación da parta alta das partes do sur e do oeste. Para isto, desmontaranse os pisos de madeira e volveranse reconstruír empregando materiais novos e reutilizando, na medida do posible, as pezas de madeira que estean en bo estado. Por outra banda, o proxecto que manexa Culturá tamén prevé actuar na fachada do claustro. Deste xeito, unha vez limpos, consolidaranse e restauraranse os muros da fachada.



MEDIO RURAL ASINA 12 NOVOS CONVENIOS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

O Consello da Xunta autorizou á Consellería do Medio Rural a asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta novena quenda de 1.467.865 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta novena fase, destinaranse 1.467.865 euros para as obras que se executarán, previa sinatura dos convenios, nos concellos de Culleredo, Negreira, A Pobra do Caramiñal, Rábade, Cenlle, Porqueira, A Rúa, A Veiga, Xinzo de Limia, A Lama, Oia e Pontecesures. Estes 12 concellos correspondentes á sétima quenda súmanse aos 160 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos que se van realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Prevense tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



PESCA ASINA UN CONVENIO CON CONFRARÍAS E SINDICATOS PARA A FORMACIÓN DE MULLERES

- *Os cursos están dotados cun total de 200.000 euros, que se inclúen dentro do programa de Formación de Mulleres no Sector Pesqueiro cofinanciado polo Fondo Social Europeo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a Federación Galega de Confrarías e os sindicatos UGT, CC OO e CIG para a organización de dez cursos de formación para as mulleres do sector pesqueiro, concretamente no eido da prevención de riscos laborais e na formación sanitaria específica inicial.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ten entre as súas competencias as relativas á formación marítimo pesqueira, que fai a través dos seus propios recursos tanto directamente como en colaboración con terceiros. Deste xeito, Pesca vén desenvolvendo dende hai anos un programa dirixido á ensinanza técnica e profesional dos colectivos de mulleres do sector, aínda que ata o de agora nesas actuacións non se incidía na importancia da formación en materia de prevención de riscos laborais e de formación sanitaria e primeiros auxilios. A ensinanza nestas materias resulta básica dadas as características do sector -fundamentalmente físico e manual e que considera o manexo de ferramentas punzantes-.

Neste senso, o departamento que dirixe Carmen Gallego decidiu asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Confrarías e os sindicatos UGT, CC OO e CIG para impartir dez cursos, que se impartirán prioritariamente en municipios costeiros e irán dirixidos ás mulleres do sector pesqueiro e marisqueiro, concentrando as alumnas por rías.

A selección dos monitores correrán a cargo da Federación de Confrarías e das organizacións sindicais e corresponderá tamén a estas últimas a expedición dos certificados e diplomas.

A Consellería de Pesca destinará á finalidade deste convenio un total de 200.000 euros, que se incluírán na partida orzamentaria destinada ao programa de formación de mulleres, que está cofinanciado nun 80% co Fondo Social Europeo.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 1,4 MILLÓNS DE EUROS A OBRAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA PROVINCIA DE LUGO

- *Unha das actuacións previstas é un plan de saneamento para os núcleos de Mañete, Cordido e Peizás, no concello de Foz, que conta cun orzamento de 898.991 euros.*
- *O outro proxecto consiste na dotación de servizos de abastecemento de auga a parroquias de Monterroso, cun investimento de 528.463 euros.*

A Consellería de Medio Ambiente investirá 1.427.454 euros en dous proxectos de mellora das infraestructuras hidráulicas na provincia de Lugo. Trátase da dotación de servizos de saneamento e abastecemento nos concellos de Foz e Monterroso, proxectos ambos que foron aprobados na reunión do consello da Xunta celebrado hoxe.

Foz

Co gallo de completar as actuacións feitas pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) no Concello de Foz vaise proceder á ampliación dos núcleos conectados á rede de saneamento. A execución do proxecto permitirá dotar deste servizo os núcleos de Mañete, Cordido, a praia de Llas e o cámping de Peizás, que actualmente carecen de rede de sumidoiros. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través do organismo Augas de Galicia –adscrito ao departamento autonómico-, destinará unha partida de 898.991 euros á realización desta obra, que conta cun prazo de execución dun ano.

Monterroso

A localidade luguesa de Monterroso tamén será obxecto dunha actuación por parte da empresa pública de augas. Concretamente, levarase a cabo a segunda fase da rede de abastecemento aos núcleos rurais de Arada e Sandolfe (parroquia de Santa María de Arada), O Vilar e o polígono industrial (parroquia Santa Eufemia de Setrexas). O orzamento desta obra ascende a 528.463 euros e o seu prazo de execución de seis meses.



A XUNTA INVESTIRÁ 322.412 EUROS NA SELAXE DOS DOUS VERTEDOIRO DE CORISTANCO (A CORUÑA)

- *A Consellería de Medio Ambiente levará a cabo as tarefas de clausura e rexeneración ambiental dos depósitos de residuos sitos en Agolada e Amboade*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible procederá á selaxe dos dous vertedoiros de residuos urbanos do concello coruñés de Coristanco. Os traballos de clausura e rexeneración ambiental dos depósitos de Agolada e Amboade foron aprobadas hoxe polo consello da Xunta. As obras forman parte das actuacións que está a levar a cabo a dirección xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para a recuperación de espazos degradados por verteduras.

O proxecto de selaxe de ambos depósitos suporá un investimento de 322.412 euros, que financiará na súa totalidade a Consellería de Medio Ambiente.

O vertedoiro de Agolada, situado no monte veciñal do mesmo nome, comezou a funcionar no ano 1998 e ocupa unha superficie de 5.000 metros cadrados; mentres que o de Amboade está activo dende hai arredor dunha década e conta cunha extensión de 3.000 metros.

A clausura e acondicionamento ambiental destes espazos executarase nun prazo de catro meses, contados a partir da adxudicación do proxecto.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO REALIZARÁ OS ESTUDOS TÉCNICOS E O PLANEAMENTO URBANÍSTICO PARA O DESENVOLVEMENTO DE DÚAS ÁREAS EMPRESARIAIS DE 540.700 METROS CADRADOS EN CARBALLO

- ***A Consellería inviste 692.775 euros na realización destes traballos técnicos que deberán estar rematados a finais de 2007***
- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre o IGVS e Xestur-Coruña para a elaboración dos estudos e do planeamento urbanístico***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, a través do IGVS, e Xestur-Coruña para a realización dos estudos técnicos e do planeamento urbanístico necesarios para o desenvolvemento de dúas áreas empresariais de 540.000 metros cadrados no Concello de Carballo.

Os estudos técnicos consisten na elaboración dun Plan Topográfico e un Estudo Xeotécnico, mentres que o planeamento urbanístico se traducirá na elaboración e tramitación dun Plan de Sectorización e Estudo de Impacto e un Poxecto de Ubanización e Estudo de Seguridade e Saúde. Todos os traballos previos estarán rematados a finais de 2007.

A Consellería de Vivenda e Solo investirá 692.775 euros na realización dos estudos e do planeamento necesario para o desenvolvemento das áreas empresariais A e B de Carballo, que contan cunha superficie de 426.300 metros cadrados e 114.400 metros cadrados respectivamente.

Estas dúas áreas empresariais veñen sumarse a outra área de 730.000 metros cadrados que está a desenvolver a Consellería de Vivenda e Solo, a través de Xestur-Coruña, no Concello de Carballo. No mes de xaneiro comezaron as xestións para a adquisición dos terreos e neste momento está pendente de aprobación definitiva o proxecto sectorial por parte da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial e Obras Públicas. As obras de urbanización comezarán antes de que finalice este ano.



A XUNTA AMPLIARÁ A APRENDIZAXE DUNHA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA A 50 NOVOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- *Un informe presentado hoxe pola conselleira de Educación prevé que 40 novos centros de educación infantil e 10 de educación primaria comecen xa a estudar unha lingua estranxeira*
- *Aumentará en quince o número de centros educativos galegos de secundaria que van contar con seccións europeas, é dicir, ensinanza de materias en linguas estranxeiras*
- *Ampliarase a participación dos centros galegos en programas de intercambio promovidos pola Unión Europea*
- *A Xunta promoverá e ampliará, ademais, a oferta educativa de formación de adultos revisando a oferta existente para que os cidadáns poidan reciclar os seus coñecementos e acceder a novos postos de traballo*

O Consello da Xunta analizou, este xoves, un informe da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre medidas para a mellora da aprendizaxe permanente e da aprendizaxe de linguas –multilingüismo- na Comunidade Autónoma. O impulso de medidas nestes dous ámbitos educativos obedece a criterios marcados desde Bruxelas para favorecer a calidade educativa. Así, está previsto que se amplíe o número de centros que, nos períodos comprendidos entre os 3 e os 6 anos e entre os 6 e os 8 anos, oferten a aprendizaxe da primeira lingua estranxeira e que se amplíe, ademasi, o número de centros galegos que contan con seccións europeas.

Aprendizaxe de linguas

Precisamente, o informe proposto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fai mención especial ao multilingüismo e a mellora do estudo de linguas estranxeiras nas escolas galegas.

Por multilingüismo enténdese o coñecemento de linguas, a súa aprendizaxe e o seu uso. A Unión Europea establece considera que o coñecemento de idiomas é unha aptitude conveniente para todos os cidadáns europeos e considera necesarios establecer políticas comunitarias para promover e mellorar as aptitudes e a diversidade lingüística. Nesta liña existen diferentes programas europeos de formación, mobilidade estudantil e docente ou intercambios.

A propia Unión Europea propón que se realicen plans nacionais de acción para promover o multilingüismo, promovendo a ensinanza de cando menos dúas linguas estranxeiras desde idades moi temperás con medidas que incentiven a formación do profesorado, entre outros aspectos.



Así, para o curso 2006-2007 aumentará en quince o número de centros docentes en Galicia que contén con seccións europeas, denominados centros bilingües no resto das comunidades autónomas. Na actualidade existen 50 seccións en Galicia, 16 en lingua francesa e 34 en lingua inglesa.

Ao tempo, está previsto anticipar a aprendizaxe da primeira lingua estranxeira ao 2º ciclo de educación infantil e ao período comprendido entre 6 e 8 anos, do primeiro ciclo de educación primaria.

Aprendizaxe permanente

Segundo precisa o texto do informe, a aprendizaxe permanente constitúe un factor esencial na sociedade do coñecemento. De aí que se faga necesario propiciar o acceso universal e continuo á formación. Por este motivo, as administracións públicas deben adaptar as ofertas formativas ás demandas dos destinatarios e priorizar as ofertas dirixidas a colectivos con maiores dificultades.

Tendo en conta estas premisas, a Xunta de Galicia comprométese a revisar a oferta de ciclos formativos en réxime modular para as persoas adultas. Potenciaranse os ciclos mediante o incremento da oferta modular e promocionarase o acceso da poboación traballadora aos ciclos formativos de grao medio e superior. Propóranse modalidades horarias axeitadas para que este colectivo poida cursar estas ensinanzas, tanto no réxime presencial como semipresencial. Ao tempo, implantaranse ciclos formativos en oferta modular a distancia.

Paralelamente, o informe prevé a revisión da oferta de educación para adultos mediante a análise da valoración da actual oferta educativa, con especial incidencia nas ensinanzas a distancia e nas ensinanzas non regradas. Esta revisión pretende inculcar unha visión máis europea da educación para adultos, dentro dunha perspectiva global, que potencie a variedade e a pluralidade das culturas propias das rexións. O novo modelo trata de que os cidadáns adultos de Galicia poidan adecuar os coñecementos adquiridos no seu momento ás necesidades de formación e recualificación necesarias para reciclarse ou acceder a novos postos de traballo.

Ampliación e actualización da normativa

Así mesmo, tal e como precisa o texto do informe, cómpre elaborar desde Galicia a normativa de ordenación e organización das ensinanzas das persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia. Esta última modalidade experimentou nos últimos anos unha transformación radical debido ao auxe das novas tecnoloxías.

Polo tanto, en ambas as dúas modalidades faise precisa unha actualización e renovación da normativa, que nalgún caso supón un auténtico cambio de modelo.



Tamén se destaca no informe a necesidade de promover a Formación Profesional e as ensinanzas especiais entre a poboación adulta. Entre outras medidas, prevese potenciar a participación en programas europeos de formación de persoas adultas, tales como o *Programa Grundvig* e o *Leonardo da Vinci*. Estes dous programas concíbense para relacionar a formación permanente e a creación do espazo común europeo.

Paralelamente, o informe presentado pola conselleira de Educación incide no recoñecemento de competencias profesionais e no traballo do recoñecemento das aprendizaxes non formais e informais. Polo tanto, promoverase o recoñecemento e a avaliación da competencia da poboación activa.

Espazo común europeo de formación

Outro dos obxectivos que se propón o informe consiste en fomentar a realización de intercambios de alumnos e profesores con centros docentes doutros países co fin de favorecer a aprendizaxe de linguas estranxeiras. Polo tanto, ampliarase a participación dos centros educativos galegos en iniciativas comunitarias como os programas *Sócrates*, *Leonardo da Vinci*, *Netd@ys*, *Europass*, *Portfolio Europeo da Lingua* ou *e-Learning*, entre outros. Ademais, potenciarase a mobilidade de alumnos e profesores no estranxeiro nas ensinanzas de réxime especial.

Finalmente, nun marco europeo de multilingüismo, a aprendizaxe ao longo da vida deberá prestar especial atención á adquisición de competencias lingüísticas e á adquisición de competencias no uso das novas tecnoloxías. Este obxectivo márcase como prioritario tanto no eido da Formación Profesional como nas ensinanzas de adultos.



EDUCACIÓN CONVOCA AXUDAS DESTINADAS A ALUMNADO DE ESO E BACHARELATO PARA ESTUDAR IDIOMAS DURANTE O VERÁN EN IRLANDA, REINO UNIDO E FRANCIA

- ***A Administración educativa priorizará as rendas familiares máis baixas***
- ***O custo medio de cada bolsa ascende a uns 2.000 euros e as estancias serán no mes de agosto e os estudantes viaxarán en grupos de 50 persoas acompañados desde Galicia por monitores***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a resolución final da convocatoria dunha orde de axudas promovida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. As axudas van dirixidas a alumnado de educación secundaria obrigatoria (ESO) e de bacharelato para realizar actividades de formación no estranxeiro durante o curso 2005/06. A Administración educativa investirá nesta iniciativa 750.000 euros. En concreto, o departamento educativo autonómico concederá un total de 294 bolsas (200 para países de fala inglesa –Irlanda e Reino Unido- e 94 para Francia) para que alumnos destas etapas educativas estuden inglés ou francés nestes países durante o verán. O custo medio por bolsa ascende a uns 2.000 euros.

Poderá solicitar a participación en actividades de formación para a mellora da competencia no uso de linguas estranxeiras o alumnado matriculado en 3º ou 4º de ESO en centros galegos sostidos con fondos públicos. No caso de que as prazas non sexan cubertas con estudantes destes cursos, poderán optar a estas bolsas alumnos de 2º de ESO ou de 1ª de bacharelato. Ademais, o alumno debe ter unha nota media mínima de 6 na materia de idioma estranxeiro.

As estadías serán no mes de agosto e durarán catro semanas. Os grupos serán de 50 alumnos e estarán acompañados desde Galicia por dous ou tres monitores. Os estudantes que viaxen a Irlanda e Reino Unido cursarán estudos nun centro docente e a estadía realizarana en familias, mentres que os alumnos que viaxen a Francia, estarán nunha residencia, na que estarán atendidos polos coidadores da mesma e os monitores galegos e recibirán clases nun centro docente.

Tanto no caso das estadías en Irlanda e Reino Unido como en Francia, os alumnos recibirán entre 15 e 20 horas semanais de clases e participarán ademais en actividades deportivas e lúdicas.

Á hora da concesión das bolsas, a comisión seleccionadora terá en conta a renda familiar dos pais, priorizando as familias con menor renda, así como outras circunstancias familiares como orfandade; pertenza a familias onde algún dos seus membros teña unha minusvalía de grao igual ou superior ao 33%; pertenza a familias monoparentais ou a familias numerosas.



Con estas axudas, a Xunta de Galicia pretende fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o alumnado de familias con pouca renda. Ademais, esta actuación enmárcase na aposta do Goberno galego polas familias e a educación.

A orde de axudas entrará en vigor proximamente, xa que hoxe foi publicada no *Diario Oficial de Galicia*.



FICHA TÉCNICA

BOLSAS PARA ALUMNOS DE ESO PARA ESTUDAR IDIOMAS NO ESTRANXEIRO

- Total bolsas: 294
 - 100 en Irlanda
 - 100 en Reino Unido
 - 94 en Francia

- Investimento realizado pola Consellería de Educación: 750.000 euros

- Custo medio por bolsa: Ao redor de 2.000 euros.

- As estadias serán no mes de agosto e durarán catro semanas.

- Os grupos serán de 50 alumnos e estarán acompañados desde Galicia por dous ou tres monitores.

- Estancia en Irlanda e Reino Unido
Os alumnos seleccionados cursarán estudos nun centro docente e a estadia realizarana en familias.

- Estancia en Francia
Os alumnos realizarán a estadia nunha residencia, na que estarán atendidos polos cuidadores da mesma e os monitores galegos.

- Tanto no caso das estadias en Irlanda e Reino Unido como en Francia, os alumnos recibirán entre 15 e 20 horas semanais de clases e participarán ademais en actividades deportivas.

- Unha vez publicada a orde no Diario Oficial de Galicia (DOG), os interesados disporán de un mes para formalizar a súa inscrición.

- Requisitos do alumnado:
 - Estar matriculado en 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO) nun centro sostido con fondos públicos. No caso de que non se cubran as prazas coas solicitudes destes estudantes, tamén poderán acceder a elas alumnado de 2º de ESO e 1º de bacharelato.

 - O alumno debe ter unha nota media mínima de 6 na materia de idioma (Francés ou Inglés).



- Á hora da concesión das bolsas, a comisión seleccionadora terá en conta:
 - a renda familiar dos pais, priorizando as familias con menor renda.
 - outras circunstancias familiares como orfandade; pertenza a familias onde algún dos seus membros teña unha minusvalía de grao igual ou superior ao 33%; pertenza a familias monoparentais ou a familias numerosas.



O SERGAS SUBVENCIONARÁ OS CONCELLOS CON 610.000 EUROS PARA O MANTENIMENTO DOS PACs E ZONAS ESPECIAIS DE URXENCIAS QUE FUNCIONEN EN CENTROS DE SAÚDE DE TITULARIDADE MUNICIPAL

- *Financiaranse os gastos de persoal non sanitario e os gastos correntes de auga, electricidade, teléfono, calefacción, limpeza, e seguridade, entre outros*
- *O Sergas é consciente da importancia que no ámbito da sanidade teñen os centros de saúde que funcionan como PACs ou como zonas especiais de urxencias e que as corporacións locais deben conservar e manter por ser parte do seu patrimonio*

A conselleira de Sanidade presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre unha Orde pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o mantemento de Puntos de Atención Continuada (PACs) e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal, e que as corporacións locais galegas deben conservar e manter por formar parte do seu patrimonio. O importe que o Sergas destina a estas axudas ascende, inicialmente, a 610.000 euros.

Poderán acollerse a estas axudas os concellos que sexan titulares dun centro de saúde en que funcione un Punto de Atención Continuada ou unha Zona Especial de Urxencias, e nos que o Sergas estea prestando asistencia sanitaria.

O Servizo Galego de Saúde é consciente da importancia que no ámbito da sanidade teñen os Puntos de Atención Continuada ou as Zonas Especiais de Urxencias, por estar dirixidos a mellorar a atención dos cidadáns e a garantir unha atención á urxencia extrahospitalaria cun nivel óptimo de calidade e contando sempre con presenza física dos profesionais sanitarios.

Serán obxecto da subvención os gastos derivados do normal funcionamento destes centros asumidos polo concello, como poder ser os de persoal non sanitario, os de auga, electricidade, teléfono, calefacción, limpeza, e seguridade, entre outros.

A partida orzamentaria que o Sergas ten destinada para asumir estes gastos esta dotada, inicialmente, con 610.000 euros.